



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FEDERACIÓN GALEGA DE REDEIRAS ARTESÁS O PEIRAO, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN, SENSIBILIZACIÓN E DETECCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade, DECLARA

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coa Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o convenio ten por obxecto establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao para desenvolver accións de prevención, sensibilización e detección da violencia de xénero. As actuacións a desenvolver neste ano 2025 serán:

- Xornada de intercambio de experiencias e coñecementos en materia de igualdade e violencia de xénero.

-Experiencia de intercambio de accións en materia de igualdade e violencia de xénero desenvolvida polas socias das distintas entidades coñecendo exemplos de outras mulleres senlleiras no ámbito social, económico e político de Galicia; por exemplo as heroínas da Illa de Sálvora referentes na cultura mariñeira de Galicia.

A través destas accións pretendemos realizar un intercambio activo de experiencias entre as nosas asociadas en primer termo e, con redeiras de outras comunidades, mediante estas xornadas as participantes coñeceran outras realidades e os posibles recursos existentes en ambas comunidades e tamén preténdese que se compartan experiencias de éxito tras situacións conflictivas en materia de violencia de xénero, promovendo a mediación como resolución de conflitos .

Asemade, tamén se informará as participantes dos dereitos que asisten ás vítimas de violencia de xénero e a cobertura social e prestacións que as asisten tanto a elas como para as persoas dependentes das mesmas.





- Servizo de asesoramento en materia de xénero durante todo o ano destacando sobre todo os aspectos de xénero de cada unha das actividades que desenvolve a entidade.
- Servizo de asesoramento en materia xurídica en violencia de xénero e en mediación que contribúe a paliar e poñer fin a situacións de violencia de xénero e de abuso entre as asociadas.
- Servizo on-line, telefónico e presencial de carácter individualizado de apoio e orientación psicolóxico e xurídico.
- Distribución de material divulgativo con pautas para detectar a violencia de xénero e tamén con teléfonos de interese aos que dirixirse no caso de querer compartir ou denunciar estes sucesos.
- Rolda de Novidades Normativas na protección das mulleres en materia de violencia de xénero. A acción consiste na realización de roldas nas sete asociación que integran a federación para explicarlles "in situ" no lugar de traballo as coberturas existentes para mulleres vítimas de violencia de xénero e informalas dos servizos que ofrecen os centros 24/7 existentes nas catro provincias.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

A Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao é unha entidade sen ánimo de lucro constituída no ano 2004 no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-4876, na área de igualdade, e ten entre os seus obxectivos o empoderamento das súas asociadas no ámbito cultural, social, económico e político; a promoción da igualdade entre homes e mulleres e a loita contra calquera conduta susceptible de ser considerada violencia de xénero.

A Consellería de Política Social e Igualdade, que ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración coa Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao, para o desenvolvemento dun proxecto que ten como obxectivo a sensibilización sobre a dimensión da violencia de xénero, promovendo pautas e ferramentas para a detención e prevención da mesma, mostrando as ferramentas necesarias para construír novas formas de relacións afectivas e os recursos dispoñibles.





A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionalar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario. O carácter singular do presente convenio vén porque a Federación de Redeiras Artesás O Peirao é a única Federación en Galicia e a única entidade que desenvolve e aglutina a asociacións dos distintos territorios galegos coa finalidade de promover a igualdade entre homes e mulleres, de rachar coa fenda salarial e dignificar a profesión e sacar as profesionais redeiras da situación de case invisibilidade na que se atopaban.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que os exclúe expresamente no seu artigo 6.1 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

